



## BASES DE SUBVENCIÓNS PARA ASOCIACIÓNS VECIÑAIS E DEPORTIVO CULTURAIS DO MUNICIPIO DA MERCA, ANUALIDADE 2016.

En aplicación do previsto no artigo 17 da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e a fin de dar cumprimento aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como ao de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, conforme ao disposto no artigo 8.3 da presente lei, o Concello da Merca, establece as seguintes normas reguladoras da concesión de subvencións a Institucións, Federacións, Asociacións e outras similares, sen fins de lucro.

### **Artigo 1.-** Finalidade e obxectivos

Constitúe o obxecto desta convocatoria regular a concesión de subvencións ás Asociacións de veciños e ás asociacións culturais e deportivas de veciños da Merca, consistente, en axudas económicas para mantemento de servizos veciñais, desenvolvemento de actividades, cursos, etc., no seu ámbito xeográfico para o desenvolvemento das súas actividades.

### **Artigo 2.-** Imputación orzamentaria e contía.

A concesión das subvencións que constitúen o obxecto destas Bases Reguladoras estará limitada ao crédito máximo dispoñible que, con carácter anual, habilitado no orzamento da Concellaría de Participación Cidadá, para asociacións veciñais. A Convocatoria anual poderá acollerse á tramitación anticipada de gasto, segundo o disposto no RD 887/2006 de 21 de xullo que aproba o regulamento da lei xeral de subvencións. Neste caso, con suxeición á normativa orzamentaria, a concesión das achegas quedará sometida á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente no momento de ditarse a resolución de concesión.

**Artigo 3.-** Poderán ser beneficiarías as asociacións veciñais, e agrupacións veciñais que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que estean inscritas no Libro de asociacións do Concello da Merca.
2. Que desenvolvan un programa de actividades e servizos aos cidadáns. Non conseguirá a condición de beneficiario quen estea incurso en causa de exclusión ou prohibición das contempladas nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, en especial, quen sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

**Artigo 4.-** Presentación de solicitudes, prazo e documentación a presentar:

1. Prazo e lugar de presentación.- O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días, contados a partir do día seguinte ao da publicación de cada convocatoria anual no Boletín Oficial da Provincia, mediante unha instancia dirixida á Concellaría de Participación Cidadá, podendo presentalas no Rexistro Xeral do Concello da Merca, ou en calquera das formas previstas no

artigo 38.4 da Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

2. Documentación.- Sen prexuízo do establecido no artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, a solicitude deberá vir cuberta e coa seguinte documentación:

- a) Instancia segundo o modelo normalizado de solicitude. (Anexo I)
- b) Memoria explicativa dos proxectos que se van a realizar ou se realizaron en 2016.
- c) Domiciliación bancada e copia do NIF
- d) Copia certificada do acordo da xunta directiva na que se decidiu a solicitude de subvención e onde se inclúa o compromiso de xustificar o destino da subvención e relación actualizada da directiva da asociación.
- e) Declaración responsable ou certificación acreditativa de estar ao día nas obrigacións tributarias con calquera das administracións e non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaría que figuran nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- f) Declaración das solicitudes de subvención realizadas a outros organismos e institucións públicas ou privadas dos proxectos para os cales se solicitan as subvencións.

Si a documentación presentada fose incompleta ou presentase erros emendables, requirirase ao solicitante para que, no prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non facelo, considerarase que desistiu da súa solicitude e procederase ao arquivo desta.

**Artigo 5.-** As solicitudes tramitaranse de conformidade co disposto na Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia e a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Lei xeral de subvencións, Lei 30/92 de 26 de novembro e as ordenanzas de subvención e participación cidadá. A instrución do procedemento de concesión de subvencións corresponde á Concellaría de Participación Cidadá, que realizará cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobacións dos datos en virtude dos cales deberá formular unha proposta de resolución. De conformidade ao disposto no artigo 22 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, establecerase un procedemento de instrución abreviado, consistente en que a proposta de concesión formalizárase polo órgano instrutor designado (funcionario que designe a Concelleira de Participación Cidadá), que unicamente procederá a comprobar a concorrencia dos requisitos requiridos para a concesión da subvención, polo que non intervirá un órgano encargado de avaliar as solicitudes presentadas. O prazo para a resolución das peticións de subvencións será dun mes.

**Artigo 6.-** Resolución e réxime de recursos:

1. A resolución de solicitudes de subvención será competencia da concelleira delegada de Participación Cidadá despois da proposta do órgano instrutor correspondente.
2. El prazo máximo para a resolución será dun mes a partir do día seguinte a aquel no que acabe o prazo de presentación da solicitude. Ao vencemento do citado prazo sen que se notifique a resolución expresa lexítima ao interesado que pode entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

**PAGO** - Unha vez concedida a subvención e comunicado o acordo, ingresarase o 50% da cantidade concedida, na conta corrente indicada polo titular da Asociación ou Entidade subvencionada, con carácter previo á xustificación, como financiamento para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e o 50 % restante unha vez xustificada a realización do proxecto subvencionado conforme ao previsto nas presentes bases.- As subvencións outorgaranse a fondo perdido e teñen carácter voluntario e eventual, non xerando ningún dereito a obter outras subvencións en anos posteriores e non se poderán alegar como precedente.

- Contra a resolución que poña fin ao procedemento administrativo poderá interporse recurso potestativo de reposición ante a Concellaría delegada de Participación Cidadá no prazo dun mes ou recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, sen prexuízo da interposición de calquera outro que se estime conveniente.
- A Concellaría de Participación Cidadá reserva para si o dereito de orientar tecnicamente e comprobar os datos económicos así como de difundir e dar a coñecer publicamente a adquisición subvencionada.

**Artigo 7.** Obrigacións do beneficiario.

As entidades beneficiarias das subvencións concedidas en virtude da presente convocatoria, quedarán comprometidas a abrir o local, e a que realicen no local, actividades e servizos en prol dos cidadáns, sendo os responsables legais a Xunta Directiva.

**Artigo 8.-** Compatibilidade con outras axudas ou subvencións percibidas de entidades públicas.

As subvencións concedidas ao amparo destas Bases son compatibles con outras subvencións públicas para o mesmo fin, a condición de que a suma de ambas non supere o custo da actividade subvencionada.

**Artigo 9.-** Reintegro e perda do dereito á subvención.


En caso de incumprimento da entidade por algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de Subvencións de Galicia, en especial, o incumprimento do obxecto, condicións ou finalidade que motivaron a concesión da subvención, ou ausencia da pertinente xustificación, procederase á tramitación dun expediente de reintegro, ou, si é o caso, de perda do dereito á subvención concedida. A obrigaón de reintegro ou a perda da subvención poderá ser total ou parcial, en función da gravidade do incumprimento do beneficiario, graduándose de acordo co principio de proporcionalidade. Unha vez tramitado ao expediente de reintegro ou declaración da perda do dereito á subvención, concederáselle ao interesado un prazo de quince días hábiles para que poida comparecer no expediente, tomar audiencia e, á vista deste, propor as probas e realizar as alegacións que teña por conveniente. Concluídas estas actuacións e emitidos os informes oportunos, ditará a resolución liquidación da axuda, co abono do pago parcial ou proporcional correspondente, será competencia do/a concelleiro/ delegado/a de Participación Cidadá. En todo caso ao declararse a perda do dereito á subvención, responderán solidariamente os membros da xunta directiva de acordo co disposto na Lei Orgánica 1/2002 de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

**Artigo 10.-** O Concello da Merca quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que están obrigadas as

persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

En todo aquilo non previsto nas presentes bases reguladoras estarase ao establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, no seu regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

**Artigo 11.-** A entrada en vigor destas Bases reguladoras será ao día seguinte da súa publicación no BOP, permanecendo vixentes até a súa derogación expresa.

	<b>ALCALDIA</b> CONCELLERÍA DE CULTURA E DEPORTES	Rexistro de entrada
	<h2>Anexo I</h2> <h3>Solicitud Subvención</h3>	
	Expediente:	

Interesado/a					
Entidad/Asociación			CIF		
Rúa		Núm.	Escaleira	Andar	Porta
CP	Municipio	Provincia		Teléfono	
Correo electrónico			Fax		

Representante					
DNI-NIF/CIF/NIE			Nome e apelidos/Razón social		
Rúa		Núm.	Escaleira	Andar	Porta
CP	Municipio	Provincia		Teléfono	
Correo electrónico			Fax		

Declara:
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estar ao corrente das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.</li> <li>- Non ter débeda, polo menos que estea garantida co Concello de A Merca.</li> <li>- Cumprir os requisitos establecidos no art. 13 da Lei 38/2003, 17 de novembro, Lei Xeral de Subvencións, e non estar incurso en ningunha das prohibicións sinaladas nos apartados 2e 3.</li> <li>- Que son certos os datos que figuran na presente solicitude, así como a documentación que se acompaña.</li> </ul>

Datos da actividade
<p>Descrición</p>
<p>Datos da actividade:</p> <div style="border: 1px solid black; height: 80px; width: 100%;"></div>
<p>Ámbito territorial da actuación:</p>
<p>Obxectivos que persegue:</p> <div style="border: 1px solid black; height: 80px; width: 100%;"></div>

Solicita:
<p>Lle sexa concedida unha subvención pola cantidade de <input type="text"/> €, para levar a cabo as actividades explicitadas e cuantificadas no proxecto presentado.</p>
<p>Documentos que se aportan:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> Memoria ou proxecto de actividades</li> <li><input type="checkbox"/> Certificado bancario de titularidade da conta</li> <li><input type="checkbox"/> NIF</li> <li><input type="checkbox"/> Copia acordo de solicitude de subvención</li> <li><input type="checkbox"/> Declaracións contidas no art. 4 das Bases</li> </ul>

Autoriza ao órgano xestor para recabar os certificados a emitir pola Axencia Estatal da Administración Tributaria e pola Tesourería Xeral da Seguridade Social ( Art. 23.3 da Lei Xeral de Subvencións).

<p>Data</p> <p>A Merca, ___ de _____ de _____</p>	<p>Asinado:</p>  <p>Asdo.: _____</p>
---	--

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE A MERCA (Ourense)**

Os datos persoais recollidos serán incorporados e tratados no ficheiro Base de Datos de Terceiros, cuxa finalidade é a xestión de persoas que teñen ou tiveron algunha relación co Concello, e poderán ser cedidos de conformidade co previsto no artigo 11 da Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal. O órgano responsable do ficheiro é o Concello de A Merca. O interesado poderá exercer os dereitos de acceso , rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Atención ó Cidadán.  
 Todo o cal infórmase en cumprimento do artigo 5 da referida Lei Orgánica 15/1999.